



A PNEUMÓLOGA CRISTINA REPRESAS RECIBE UN PREMIO NACIONAL POR UN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN SOBRE EPOC

- *Os VI Premios Jóvenes Investigadores, avaliados polo Instituto de Salud Carlos III, é unha iniciativa que promove o desenvolvemento e a consolidación do talento científico xove en España*
- *O proxecto premiado enmárcase no avance cara á medicina personalizada na EPOC, na procura de biomarcadores que predigan a resposta terapéutica a determinados fármacos*

Vigo, 20 de decembro de 2022. A responsable da consulta de EPOC de alta complexidade da Área Sanitaria de Vigo, a pneumóloga Cristina Represas, ven de recibir un premio nacional por un proxecto de investigación sobre EPOC. Trátase dos *VI Premios Jóvenes Investigadores* da Fundación AstraZeneca, avaliados polo Instituto de Salud Carlos III.



Este ano o lema do concurso foi “Conexións que salvan vidas”, unha iniciativa que promove o desenvolvemento e a consolidación do talento científico xove en España.

Neste contexto, na categoría Respiratorio e Inmunoloxía, foi premiado o proxecto “*Microvesículas derivadas de granulocitos na identificación de marcadores de resposta terapéutica a corticoides inhalados na EPOC*” recibiu 225.000 euros, o que permitirá a execución desta investigación, co obxectivo de axudar a mellorar a calidade de vida de miles de pacientes con esta enfermidade.



Neste proxecto, ademais do servizo de Pneumoloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro, tamén participan o Hospital Arnau de Vilanova-Liria (Valencia), o Hospital Universitario Marqués de Valdecilla de Santander e o Hospital Virxe do Rocío de Sevilla.

Cristina Represas, que recibiu este premio xunto ao resto do equipo nunha gala clausurada pola Ministra de Ciencia e Innovación, Diana Morán, explica os motivos desta investigación e di que “este proxecto enmárcase no avance cara á medicina personalizada na EPOC, en concreto, na procura de biomarcadores que predigan a resposta terapéutica a determinados fármacos”.

Proxectos avaliados polo Instituto de Salud Carlos III

Nesta edición outorgáronse 4 premios, seleccionados dun total de máis de 100 propostas por membros de panel de avaliadores do Instituto de Salud Carlos III, nos que se valorou a traxectoria científica previa dos investigadores novos ademais da memoria do proxecto.

A doutora Represas destaca que “é unha verdadeira honra para todos os centros involucrados recibir este recoñecemento. Iniciativas como esta que teñen como fin impulsar o talento científico no noso país son imprescindibles para que os investigadores novos podamos desenvolver unha carreira científica de nivel”.

Outra das novidades é a promoción da investigación entre grupos procedentes de diferentes comunidades autónomas, estruturado nun proxecto de investigación en rede, o cal facilitará a obtención de resultados e xerará un maior coñecemento científico mediante o fomento de sinerxias entre os diferentes grupos de investigación.

O tabaco, principal causa

A Enfermidade Pulmonar Obstrutiva Crónica (EPOC) é unha obstrución crónica das vías respiratorias que dificulta moito a respiración aos afectados e que está causada fundamentalmente polo tabaco. Os síntomas máis comúns da enfermidade son a dispnea (respiración difícil ou desproporcionada á actividade física realizada), tose, ou aumento da produción de esputos, entre outros. Estes síntomas poden limitar a capacidade dos pacientes para desenvolver as súas actividades cotiás. Nos últimos anos rexistrouse un incremento da súa prevalenza; de feito, en Galicia xa afecta ao 16,8% dos adultos de máis de 40 anos

Esta enfermidade supón aproximadamente un 15% de todas as consultas de Atención Primaria, e chega ao 30% nos Servizos de Pneumoloxía. Supón un importante número de ingresos hospitalarios, sobre todo en épocas invernales, que se aproxima aos 6.000 pacientes anuais nos hospitais galegos.